

Resolución do 27 de febreiro de 2023, do Tribunal de selección nomeado para a cobertura dun posto de Dirección Técnica de Redes de Telecomunicacións Galegas Retegal, S.A. convocado por Anuncio publicado no DOG N° 16, do 24 de xaneiro de 2023

Na sesión que tivo lugar o día 16 de febreiro de 2023, o Tribunal nomeado pola Resolución do 9 de febreiro de 2023, pola que se establece a composición do tribunal de selección para a cobertura do posto de Dirección Técnica de Redes de Telecomunicacións Galegas Retegal, S.A., e se procede ao nomeamento dos seus membros, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, e tendo en conta que, segundo o establecido na base 8.1., será necesaria a obtención dun mínimo de 25 puntos para superar a primeira fase do proceso selectivo,

ACORDOU:

Primeiro.- Publicar a relación provisional coa puntuación obtida polos aspirantes admitidos na 1ª fase do procedemento selectivo, na web da Sociedade de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA, contida no Anexo da presente Resolución.

Segundo.- De acordo co disposto na convocatoria, as persoas interesadas disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web, para presentar reclamacións que consideren oportunas.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2023

O presidente do Tribunal

Jose Luis Somoza Digón



ANEXO I

PUNTUACIÓN PROVISIONAL DA 1ª FASE

Ano da convocatoria: 2023

Nome da convocatoria: Dirección Técnica de Redes de Telecomunicacións Galegas Retegal, S.A.

Publicación da anuncio da convocatoria: Diario Oficial de Galicia n.º 16, do 24 de xaneiro de 2023

Data do listado: 27 de febreiro de 2023

APELIDOS	NOME	NIF	PUNTUACIÓN
Sánchez Rodríguez	Joaquín	*****185*	8.1.1a - Experiencia laboral: 30 puntos 8.1.1b – 8 puntos
			TOTAL 1ª FASE: 38 puntos

APELIDOS	NOME	NIF	PUNTUACIÓN
Fernández Fraga	Javier Santos	*****327	8.1.1a - Experiencia laboral: 0 puntos 8.1.1b – 0 puntos
			TOTAL 1ª FASE: 0 puntos

(*) Ocúltase parcialmente o número do documento nacional de identidade, para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos.

